



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015755	Rosalía de Castro	Santiago de Compostela	2017/2018

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC03	Animación sociocultural e turística	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiós semanais	Horas anuais	Sesiós anuais
MP1130	Intervención socioeducativa con xente nova	2017/2018	6	105	126

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MANUEL LUIS BARREIRO CARBALLAL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Contorno profesional.

1. As persoas que obteñan o título de técnico superior en Animación Sociocultural e Turística han exercer a súa actividade no sector dos servizos á comunidade (desenvolvemento comunitario e información xuvenil), no sector dos servizos culturais (lectura e información, tecnoloxías da información e da comunicación, etc.) e de recursos e produtos culturais diversos, e nos sectores de servizos turísticos e de lecer e tempo libre (actividades lúdicas e deportivas, ambientais e de aire libre).

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

Coordinador/ora de tempo libre educativo infantil e xuvenil.

Director/ora de tempo libre educativo infantil e xuvenil.

Responsable de proxectos de tempo libre educativo infantil e xuvenil.

Coordinador/ora ou director/ora de campamentos, albergues de xuventude, casas de colonias, granxas-escola, e aulas de casas de xuventude e escolas de natureza.

Monitor/ora de tempo libre.

Animador/ora sociocultural.

Dinamizador/ora comunitario/a.

Asesor/ora para o sector asociativo.

Técnico/a comunitario/a.

Xestor/ora de asociacións.

Técnico/a de servizos culturais.

Animador/ora cultural.

Informador/ora xuvenil.

Animador/ora de hotel.

Animador/ora de veladas e espectáculos.

Animador/ora de actividades recreativas ao aire libre en complexos turísticos.

Xefe/a de departamento en animación turística.

Prospectiva do título no sector ou nos sectores.

1. A empregabilidade do título de técnico superior en Animación Sociocultural e Turística vén avalada polo amplo número de sectores profesionais en que desenvolve a súa actividade e que abranguen desde os servizos á comunidade ¿a través do desenvolvemento comunitario e a información xuvenil¿ aos servizos culturais e turísticos, e de lecer e tempo libre.

2. A incorporación de actividades profesionais xeradas en novos sectores, como a animación xerontolóxica, aumentará considerablemente as posibilidades de inserción laboral das persoas con esta titulación.

3. A expansión das posibilidades que ofrece a rede para a información e a comunicación fai necesarias intervencións que promovan un uso responsable destes medios por parte da xuventude, polo que o maior peso da formación relacionada coa información xuvenil e a intervención socioeducativa con este sector da poboación ha redundar tamén nunha maior empregabilidade.

4. Tamén constitúen campos de inserción laboral emerxentes os relacionados coa animación á lectura e a difusión das tecnoloxías da información e da comunicación.



5. Finalmente, a empregabilidade das persoas con esta titulación aumenta considerablemente, porque a formación do título se dirixe tanto ao persoal monitor de tempo libre como ao de dirección de actividades de lecer e tempo libre, exixidos polas administracións das comunidades autónomas.



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Leña verde, todo é fume?	A intervención educativa con xente nova: normativa, políticas e contexto sociocultural no que se desenvolven.	31	25
2	Deseñando futuro.	O deseño de accións formativas dirixidas á xuventude tendo en conta os criterios de accesibilidade universal e as diferenzas sexuais.	25	20
3	Educar na rúa, educar nas redes.	Pártimos da labor do educador de rúa para afondar no traballo en equipo, das accións en rede fundamentalmente grazas as tecnoloxías da información e da creación de espazos propios para o desenvolvementos de accións formativas ca xente nova.	20	15
4	Educar fora da escola.	Análise dos diversos ámbitos de intervención socioeducativa: as habilidades sociais, a interculturalidade, os hábitos saudables, a prevención das condutas de risco, a sustentabilidade, a cidadanía e a promoción da igualdade entre mulleres e homes.	25	20
5	Avaliar (que non poñer notas)	Alnciamos a UD reflexionando sobre a avaliación como ferramenta de participación para proseguir cos soportes documentais: protocolos, rexistros, informes e memorias. Como colofón os indicadores e criterios de calidade.	25	20



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Leña verde, todo é fume?	31

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza o contexto da intervención socioeducativa con xente nova analizando o marco da educación non formal no concepto global de educación	SI
RA2 - Deseña accións formativas dirixidas á xuventude analizando as súas demandas e necesidades, e a metodoloxía de traballo no ámbito da educación non formal	NO
RA3 - Organiza accións formativas analizando as posibilidades educativas dos servizos de información xuvenil e as formas de coordinación de metodoloxías e contidos con outros/as formadores/as para a consecución de obxectivos comúns	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as características da intervención socioeducativa con xente nova no ámbito da educación non formal
CA1.2 Interpretouse o marco lexislativo e competencial da intervención socioeducativa dirixida á poboación nova no ámbito da educación non formal
CA1.3 Analizouse o papel e a importancia da educación non formal nas políticas de xuventude
CA1.4 Valoráronse as accións formativas desde a educación non formal como fonte de recursos para a toma de decisións por parte das persoas destinatarias
CA1.5 Identificáronse os procedementos de recoñecemento da educación non formal
CA2.7 Incorporouse a perspectiva de xénero no deseño das accións formativas
CA3.6 Descríbense as posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación para a cooperación e a coordinación interprofesional no deseño e no desenvolvemento de accións formativas
CA3.7 Seleccionáronse ferramentas para a difusión das ofertas formativas a través das tecnoloxías da información e da comunicación

4.1.e) Contidos

Contidos
Intervención socioeducativa con xente nova no ámbito da educación non formal: características.
Marco lexislativo e competencial da intervención socioeducativa con xente nova no ámbito da educación non formal.
Análise das políticas xuvenís no ámbito estatal e autonómico: plans de xuventude.
Educación non formal nas políticas de xuventude: obxectivos educativos, características e funcións. Importancia da educación non formal.
Valoración da importancia da intervención socioeducativa nos procesos de toma de decisións por parte da poboación nova.
Recoñecemento da educación non formal.
Criterios de accesibilidade e deseño universais no deseño das accións formativas.
Consideración das diferenzas sexuais nos proxectos destinados á xente nova.
Valoración da importancia das tecnoloxías da información e da comunicación nos procesos de intervención con xente nova.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Deseñando futuro.	25

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Deseña accións formativas dirixidas á xuventude analizando as súas demandas e necesidades, e a metodoloxía de traballo no ámbito da educación non formal	SI
RA3 - Organiza accións formativas analizando as posibilidades educativas dos servizos de información xuvenil e as formas de coordinación de metodoloxías e contidos con outros/as formadores/as para a consecución de obxectivos comúns	NO
RA4 - Desenvolve accións formativas en educación non formal, para o que selecciona os recursos necesarios en función das características específicas do ámbito de intervención	NO
RA5 - Realiza actividades de avaliación de intervencións socioeducativas con xente nova seleccionando elementos e instrumentos propios da educación non formal	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Establecéronse técnicas e instrumentos para identificar necesidades e demandas formativas da poboación nova
CA2.2 Describiuse o proceso de ensino e aprendizaxe na educación non formal
CA2.3 Descríbense dinámicas e metodoloxías de aprendizaxe que posibiliten a adquisición de coñecementos que contribúan ao desenvolvemento de actitudes
CA2.4 Argumentouse a importancia da educación non formal para o desenvolvemento de actitudes de participación nunha sociedade democrática
CA2.5 Deseñáronse estratexias formativas de orientación e asesoramento que proporcionan recursos para a toma de decisións
CA2.6 Establecéronse criterios de accesibilidade e deseño universais no deseño das accións formativas
CA2.7 Incorporouse a perspectiva de xénero no deseño das accións formativas
CA2.8 Valorouse a intervención socioeducativa coa xuventude desde a educación non formal como un recurso para o seu desenvolvemento integral
CA3.3 Deseñáronse estratexias para o traballo en rede
CA3.7 Seleccionáronse ferramentas para a difusión das ofertas formativas a través das tecnoloxías da información e da comunicación
CA4.1 Identificáronse os ámbitos de intervención socioeducativa con xente nova desde a educación non formal
CA4.3 Seleccionáronse temas de interese para a xuventude
CA4.4 Seleccionáronse fontes e recursos documentais para o desenvolvemento das accións formativas
CA4.5 Seleccionáronse infraestruturas e materiais acordes cos obxectivos da intervención
CA4.6 Establecéronse procedementos para a organización de infraestruturas e materiais tendo en conta os criterios de desenvolvemento integral e participación
CA4.7 Elaboráronse materiais para o desenvolvemento das accións formativas
CA5.2 Seleccionouse o sistema de avaliación en función da actividade de formación desenvolvida
CA5.3 Elaboráronse protocolos de avaliación e rexistro para recoller a información das persoas participantes na acción de formación



Criterios de avaliación
CA5.4 Establecéronse indicadores para realizar a avaliación das accións formativas

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Análise de necesidades e demandas formativas da poboación nova. Métodos de detección de necesidades formativas. Estratexias, técnicas, instrumentos e recursos. Compilación documental.</p> <p>Análise do proceso de ensino e aprendizaxe na educación non formal: dinámicas e metodoloxías de aprendizaxe.</p> <p>Deseño de proxectos formativos. Actividades formativas.</p> <p>Análise de métodos de educación activa: participación como sistema de aprendizaxe.</p> <p>Tipos de accións formativas. Estratexias para a toma de decisións: orientación e asesoramento. Sensibilización. Motivación á participación.</p> <p>Criterios de accesibilidade e deseño universais no deseño das accións formativas.</p> <p>Consideración das diferenzas sexuais nos proxectos destinados á xente nova.</p> <p>Valoración da importancia da educación non formal para o desenvolvemento integral das persoas novas.</p> <p>Análise do perfil dos axentes formativos na educación non formal: papel e funcións. Persoal educador de rúa.</p> <p>Traballo en equipo con persoal formador: Coordinación, metodoloxías e xestión. Coordinación e cooperación interprofesional no deseño e no desenvolvemento de accións formativas. Posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Traballo en rede e redes de intervención socioeducativa: Redes comunitarias, estatais e autonómicas. Análise dos procesos de creación, mantemento e uso de redes. Centros coordinadores de redes de información na formación para a xuventude. Estratexias para o traballo en rede. Identificación de obxectivos, necesidades e demandas de formación comúns.</p> <p>Difusión das ofertas formativas a través das tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Valoración da importancia das tecnoloxías da información e da comunicación nos procesos de intervención con xente nova.</p> <p>Ámbitos de intervención socioeducativa: Alfabetización informacional. Desenvolvemento de habilidades sociais. Educación en valores: educación intercultural. Promoción de hábitos saudables, de sustentabilidade e de cidadanía. Prevención de condutas de risco. Promoción da igualdade entre mulleres e homes: prevención da violencia de xénero. Bases da formación en</p> <p>Realización de accións formativas. Selección de fontes documentais e de recursos. Selección e elaboración de materiais. Organización de infraestruturas e materiais. Estratexias e pautas de actuación no traballo con xente nova.</p> <p>Elaboración de protocolos e rexistros de avaliación de actividades formativas.</p> <p>Formalización de protocolos e rexistros de avaliación. Análise de datos das avaliacións: estratexias e técnicas.</p> <p>Elaboración de informes e memorias das actividades formativas.</p> <p>Avaliación como elemento de calidade na intervención socioeducativa con xente nova. Indicadores e criterios de calidade.</p>



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Educar na rúa, educar nas redes.	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Deseña accións formativas dirixidas á xuventude analizando as súas demandas e necesidades, e a metodoloxía de traballo no ámbito da educación non formal	NO
RA3 - Organiza accións formativas analizando as posibilidades educativas dos servizos de información xuvenil e as formas de coordinación de metodoloxías e contidos con outros/as formadores/as para a consecución de obxectivos comúns	SI
RA4 - Desenvolve accións formativas en educación non formal, para o que selecciona os recursos necesarios en función das características específicas do ámbito de intervención	NO
RA5 - Realiza actividades de avaliación de intervencións socioeducativas con xente nova seleccionando elementos e instrumentos propios da educación non formal	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Establecéronse técnicas e instrumentos para identificar necesidades e demandas formativas da poboación nova
CA2.3 Descríbense dinámicas e metodoloxías de aprendizaxe que posibiliten a adquisición de coñecementos que contribúan ao desenvolvemento de actitudes
CA2.5 Deseñáronse estratexias formativas de orientación e asesoramento que proporcionan recursos para a toma de decisións
CA2.6 Establecéronse criterios de accesibilidade e deseño universais no deseño das accións formativas
CA2.7 Incorporouse a perspectiva de xénero no deseño das accións formativas
CA3.1 Descríbiuse o papel dos axentes formativos na educación non formal
CA3.2 Analizouse o traballo en rede e os procesos de creación, mantemento e uso das redes implantadas a nivel comunitario, estatal e autonómico
CA3.3 Deseñáronse estratexias para o traballo en rede
CA3.4 Establecéronse espazos de encontro accesibles á poboación nova
CA3.5 Identificáronse obxectivos, demandas e necesidades de formación comúns a diferentes servizos de información xuvenil
CA3.6 Descríbense as posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación para a cooperación e a coordinación interprofesional no deseño e no desenvolvemento de accións formativas
CA3.7 Seleccionáronse ferramentas para a difusión das ofertas formativas a través das tecnoloxías da información e da comunicación
CA3.8 Descríbense as funcións dos centros coordinadores de redes de información na formación para a xuventude
CA4.1 Identificáronse os ámbitos de intervención socioeducativa con xente nova desde a educación non formal
CA4.2 Realizáronse actividades dirixidas á intervención socioeducativa con xente nova en diferentes ámbitos
CA4.8 Valorouse a importancia da creación dun clima adecuado no desenvolvemento das accións formativas
CA5.2 Seleccionouse o sistema de avaliación en función da actividade de formación desenvolvida
CA5.3 Elaboráronse protocolos de avaliación e rexistro para recoller a información das persoas participantes na acción de formación



Criterios de avaliación

CA5.4 Establecéronse indicadores para realizar a avaliación das accións formativas

4.3.e) Contidos

Contidos

Deseño de proxectos formativos. Actividades formativas.

Criterios de accesibilidade e deseño universais no deseño das accións formativas.

Consideración das diferenzas sexuais nos proxectos destinados á xente nova.

Valoración da importancia da educación non formal para o desenvolvemento integral das persoas novas.

Análise do perfil dos axentes formativos na educación non formal: papel e funcións. Persoal educador de rúa.

Traballo en equipo con persoal formador: Coordinación, metodoloxías e xestión. Coordinación e cooperación interprofesional no deseño e no desenvolvemento de accións formativas. Posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación.

Traballo en rede e redes de intervención socioeducativa: Redes comunitarias, estatais e autonómicas. Análise dos procesos de creación, mantemento e uso de redes. Centros coordinadores de redes de información na formación para a xuventude. Estratexias para o traballo en rede. Identificación de obxectivos, necesidades e demandas de formación comúns.

Espazos de encontro destinados á poboación nova. Servizos de información xuvenil como espazos educativos. Espazos destinados á creatividade. Utilización de espazos vitais para a intervención socioeducativa.

Difusión das ofertas formativas a través das tecnoloxías da información e da comunicación.

Valoración da importancia das tecnoloxías da información e da comunicación nos procesos de intervención con xente nova.

Valoración da importancia de establecer un clima adecuado no desenvolvemento das accións formativas.

Valoración da importancia da participación das persoas destinatarias no proceso de avaliación.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Educar fora da escola.	25

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza o contexto da intervención socioeducativa con xente nova analizando o marco da educación non formal no concepto global de educación	SI
RA2 - Deseña accións formativas dirixidas á xuventude analizando as súas demandas e necesidades, e a metodoloxía de traballo no ámbito da educación non formal	NO
RA3 - Organiza accións formativas analizando as posibilidades educativas dos servizos de información xuvenil e as formas de coordinación de metodoloxías e contidos con outros/as formadores/as para a consecución de obxectivos comúns	NO
RA4 - Desenvolve accións formativas en educación non formal, para o que selecciona os recursos necesarios en función das características específicas do ámbito de intervención	NO
RA5 - Realiza actividades de avaliación de intervencións socioeducativas con xente nova seleccionando elementos e instrumentos propios da educación non formal	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as características da intervención socioeducativa con xente nova no ámbito da educación non formal
CA1.2 Interpretouse o marco legislativo e competencial da intervención socioeducativa dirixida á poboación nova no ámbito da educación non formal
CA1.3 Analizouse o papel e a importancia da educación non formal nas políticas de xuventude
CA1.4 Valoráronse as accións formativas desde a educación non formal como fonte de recursos para a toma de decisións por parte das persoas destinatarias
CA1.5 Identifícanse os procedementos de recoñecemento da educación non formal
CA2.2 Descríbiuse o proceso de ensino e aprendizaxe na educación non formal
CA2.4 Argumentouse a importancia da educación non formal para o desenvolvemento de actitudes de participación nunha sociedade democrática
CA2.7 Incorporouse a perspectiva de xénero no deseño das accións formativas
CA2.8 Valorouse a intervención socioeducativa coa xuventude desde a educación non formal como un recurso para o seu desenvolvemento integral
CA3.1 Descríbiuse o papel dos axentes formativos na educación non formal
CA3.3 Deseñáronse estratexias para o traballo en rede
CA3.7 Seleccionáronse ferramentas para a difusión das ofertas formativas a través das tecnoloxías da información e da comunicación
CA4.1 Identifícanse os ámbitos de intervención socioeducativa con xente nova desde a educación non formal
CA4.2 Realizáronse actividades dirixidas á intervención socioeducativa con xente nova en diferentes ámbitos
CA4.3 Seleccionáronse temas de interese para a xuventude
CA4.4 Seleccionáronse fontes e recursos documentais para o desenvolvemento das accións formativas
CA4.5 Seleccionáronse infraestruturas e materiais acordes cos obxectivos da intervención



Criterios de avaliación
CA4.6 Establecéronse procedementos para a organización de infraestruturas e materiais tendo en conta os criterios de desenvolvemento integral e participación
CA4.7 Elaboráronse materiais para o desenvolvemento das accións formativas
CA5.1 Identificáronse sistemas de avaliación das accións de formación na educación non formal
CA5.6 Utilizáronse estratexias e técnicas de análise de datos para realizar a avaliación das accións formativas

4.4.e) Contidos

Contidos
Intervención socioeducativa con xente nova no ámbito da educación non formal: características. Análise das políticas xuvenís no ámbito estatal e autonómico: plans de xuventude. Recoñecemento da educación non formal. Análise do proceso de ensino e aprendizaxe na educación non formal: dinámicas e metodoloxías de aprendizaxe. Criterios de accesibilidade e deseño universais no deseño das accións formativas. Consideración das diferenzas sexuais nos proxectos destinados á xente nova. Análise do perfil dos axentes formativos na educación non formal: papel e funcións. Persoal educador de rúa. Traballo en equipo con persoal formador: Coordinación, metodoloxías e xestión. Coordinación e cooperación interprofesional no deseño e no desenvolvemento de accións formativas. Posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración da importancia das tecnoloxías da información e da comunicación nos procesos de intervención con xente nova. Ámbitos de intervención socioeducativa: Alfabetización informacional. Desenvolvemento de habilidades sociais. Educación en valores: educación intercultural. Promoción de hábitos saudables, de sustentabilidade e de cidadanía. Prevención de condutas de risco. Promoción da igualdade entre mulleres e homes: prevención da violencia de xénero. Bases da formación en Realización de accións formativas. Selección de fontes documentais e de recursos. Selección e elaboración de materiais. Organización de infraestruturas e materiais. Estratexias e pautas de actuación no traballo con xente nova. Valoración da importancia de establecer un clima adecuado no desenvolvemento das accións formativas. Avaliación participativa na educación non formal. Análise de estratexias para a avaliación participativa. Estratexias de avaliación e recoñecemento da aprendizaxe non formal.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Avaliar (que non poñer notas)	25

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Deseña accións formativas dirixidas á xuventude analizando as súas demandas e necesidades, e a metodoloxía de traballo no ámbito da educación non formal	NO
RA5 - Realiza actividades de avaliación de intervencións socioeducativas con xente nova seleccionando elementos e instrumentos propios da educación non formal	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.7 Incorporouse a perspectiva de xénero no deseño das accións formativas
CA5.1 Identifícanse sistemas de avaliación das accións de formación na educación non formal
CA5.2 Seleccionouse o sistema de avaliación en función da actividade de formación desenvolvida
CA5.3 Elaboráronse protocolos de avaliación e rexistro para recoller a información das persoas participantes na acción de formación
CA5.4 Establecéronse indicadores para realizar a avaliación das accións formativas
CA5.5 Seleccionáronse estratexias, técnicas e instrumentos que posibiliten unha avaliación participativa das accións de formación
CA5.6 Utilizáronse estratexias e técnicas de análise de datos para realizar a avaliación das accións formativas
CA5.7 Identifícanse as estratexias de avaliación e recoñecemento da aprendizaxe non formal
CA5.8 Establecéronse protocolos de uso dos resultados da avaliación para mellorar a calidade de accións futuras

4.5.e) Contidos

Contidos
Criterios de accesibilidade e deseño universais no deseño das accións formativas.
Consideración das diferenzas sexuais nos proxectos destinados á xente nova.
Valoración da importancia das tecnoloxías da información e da comunicación nos procesos de intervención con xente nova.
Avaliación participativa na educación non formal. Análise de estratexias para a avaliación participativa.
Estratexias de avaliación e recoñecemento da aprendizaxe non formal.
Elaboración de protocolos e rexistros de avaliación de actividades formativas.
Formalización de protocolos e rexistros de avaliación. Análise de datos das avaliacións: estratexias e técnicas.
Elaboración de informes e memorias das actividades formativas.
Avaliación como elemento de calidade na intervención socioeducativa con xente nova. Indicadores e criterios de calidade.
Valoración da importancia da participación das persoas destinatarias no proceso de avaliación.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva están indicados en cada unha das unidades didácticas.

As porcentaxes referidas ao "peso da cualificación" de cada criterio de avaliación que figuran nas UD son meramente orientativas para a docencia, de forma que para a obtención da nota trimestral teranse en conta os seguintes criterios de cualificación:

A nota de cada avaliación e a final de módulo calcularase sumando as notas resultantes da utilización dos seguintes procedementos de avaliación:

A. Un 40% da mesma procederá da cualificación obtida no relativo ao grao de adquisición dos contidos conceptuais. A avaliación deste apartado farase a partir dos exames (probos escritos / cuestionarios de preguntas teórico-prácticas) ou probas orais realizadas en cada avaliación, e que serán puntuadas do 0 ao 10.

B. Un 20% procederá da realización de traballos, exercicios e tarefas, individuais ou de grupo, e que serán puntuadas do 0 ao 10.

Nos traballos de grupo valoraranse as seguintes cuestións:

1. Estrutura, contido e presentación ou exposición/defensa do produto acadado polo grupo.
2. As aportacións individuais ao traballo grupal e, no seu caso, presentación ou exposición/defensa individual do traballo ou proxecto do grupo.
3. A dinámica de traballo, é dicir, valorarase se as tarefas se distribuíron equitativamente e tendo en conta as posibilidades e limitacións de cada membro do grupo, si cada un se responsabilizou activamente do seu traballo, si se fixo unha posta en común para que o traballo resulte algo coherente, si se resolveron os problemas que puideran xurdir, etc.

As actitudes negativas e carentes de compromiso coas tarefas encomendadas polo grupo, o traballo insuficiente - tanto en calidade como en cantidade-, que poida amosar algún alumno/a, son factores que repercuten negativamente na cualificación e conlevan a conseguinte valoración diferenciada do traballo do alumno/a respecto ao do grupo.

Os traballos deberán ser entregados no tempo e forma acordado, salvo causa debidamente xustificada, de non ser así por cada día de atraso restaráselle un punto na nota do traballo. Tendo un máximo de 10 días de clase para entregalo e que lle puntue. Pasado ese tempo, o traballo non puntúa pero é imprescindible entregalo -cumprindo os mínimos establecidos para o mesmo- para poder presentarse ao exames e/ou a proba extraordinaria.

A non asistencia durante o 20% do tempo asignado na clase para a realización dos traballos en grupo supón acadar un 0 neste apartado. Se a ausencia acada 40% no tempo asignado na clase para a realización do traballo grupal suporá que esa persoa deberá entregar o traballo individualmente en tempo e forma, descontándose o 20% no total da nota do traballo.

* A ausencia na clase (salvo causa xustificada) na data de exposición do traballo grupal no que se participe, implica unha cualificación negativa en dita parte do traballo.

* Traballos individuais : As actividades serán de reflexión ou valoración persoal sobre algunha actividade desenvolta na clase (por exemplo o comentario dun video ou artigo, valoración sobre unha exposición ou debate realizado na aula, etc).

O alumnado que copie ou plaxie un traballo terá un 0 na nota do traballo e deberá facer un traballo de recuperación ou penalización. A cualificación na parte procedimental deberá ser igual ou superior a 5, para facer media co resto dos contidos conceptuais e actitudinais.

C. Contidos actitudinais 20% restante procederá dos comportamentos e actitudes amosados nas clases e vinculadas ao perfil profesional, e que se establecen a continuación:

1) Actitudes e comportamentos en relación ás persoas:

- Disponibilidade para manter relacións fluídas e traballar con tódolos membros da clase, para cooperar e facilitar o desenvolvemento do traballo e a superación das dificultades e conflitos.
- Integración no grupo.
- Corrección na comunicación verbal e non verbal.
- Escoita activa durante as actividades ou exposicións dos compañeiros e compañeiras, do profesorado ou doutros profesionais. Comportamento persoal axeitado á situación.



- Aceptación e realización de críticas construtivas. Asertividade.

2) Actitudes e comportamentos en relación ó traballo:

- Puntualidade.

- Participación activa no desenvolvemento das actividades; presentación de propostas; iniciativa; interese por aprender.

- Predisposición á autoavaliación cun sentido crítico e construtivo.

- Respecto polos compromisos establecidos co grupo para a realización de diferentes tarefas; responsabilidade na realización das tarefas asignadas.

- Respecto polos compromisos establecidos co profesorado na entrega dos traballos nas datas indicadas. Non se admitirá a entrega de traballos fóra dos prazos establecidos.

- Capacidade de organización, xestión e busca de recursos. Autonomía. Estratexias e iniciativas de resolución de problemas.

Dado o carácter fundamentalmente práctico do ciclo, os contidos actitudinais son fundamentais á hora de establecer a nota final do alumnado, poidendo ésta incrementarse ou diminuír en función dos propios criterios do profesor que imparte o módulo conforme aos rexistros realizados.

En ningún caso superarán a avaliación o alumnado que a súa cualificación en actitudes, valores e normas sexa negativa.

Para aprobar o módulo é imprescindible aprobar tanto os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais. Ademais de ter cada unha das avaliacións aprobadas. Non se fará media entre as avaliacións suspensas e as aprobadas.

Para poder presentarse tanto ás avaliacións parciais coma ao exame final e ou proba extraordinaria. O alumnado deberá ter entregados todos os traballos esixidos (cumprindo os requisitos especificados polo profesor).

A nota final do módulo obterase a partir da media resultante dos resultados obtidos nas dúas avaliacións. A ponderación por avaliación se realizará da seguinte maneira:

1ª avaliación: 40%

2ª avaliación: 60%

As datas de exame estableceranse de acordo co alumnado; en cada avaliación, o alumnado terá sempre acceso aos exames corrixidos e cualificados. Ao rematar o período correspondente a cada avaliación, quedarán arquivados en poder do profesor.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O carácter continuo da avaliación debe permitir, na meirande parte dos casos, a detección precoz dos déficits na adquisición das aprendizaxes por parte do alumnado e, en consecuencia, a identificación dos aspectos do proceso que provocan estes déficits e a adopción das medidas correctoras oportunas. A realización de actividades de reforzo terá carácter continuo e individualizado co fin de que o alumnado acade os niveis mínimos esixibles. En cada trimestre realizarase unha proba de recuperación para os alumnos que non superasen o exame ordinario correspondente á avaliación. Independentemente da nota da proba a nota que contará nos contidos conceptuais é dun 5. Se teñen pendente a entrega dalgún traballo ou está suspenso a nota máxima na parte suspensa será dun 5. Logo se fará a media tal e como se estableza os criterios de cualificación para a avaliación correspondente.

No suposto de que estas medidas fosen insuficientes e algún alumno ou alumna non superase algunha avaliación, logo de realizada a terceira avaliación parcial, a profesora realizará un informe de avaliación individualizado do alumnado que teña algunha avaliación pendente; este informe servirá de base para o deseño das actividades de recuperación que se realizaran entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final, nun período non superior ás tres semanas.

Estas actividades de recuperación concretaranse para cada alumno ou alumna tomando como referencia os resultados de aprendizaxe, os criterios de avaliación, os obxectivos e os contidos do módulo non adquiridos, terán un carácter global e individualizado e incluírán as modificacións



metodolóxicas pertinentes para facilitar que a alumna ou alumno poida alcanzar os niveis mínimos esixidos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

En aplicación dos artigos 25.2 e 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, a avaliación ten un carácter continuo pero o alumnado que perda o dereito á avaliación continua na modalidade presencial terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.

Dado que o módulo de Desenvolvemento Comunitario ten unha duración de 128 sesións, o número máximo de faltas de asistencia para ter dereito á avaliación continua será de 13 sesións no caso de faltas non xustificadas (10 % do total) ou 20 sesións no caso da suma de faltas xustificadas e non xustificadas (15% do total) Este cómputo resulta do acordo adoptado por parte das xefaturas de departamentos de Ciclos do IES Rosalía de Castro. Para determinar a perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación desas faltas.

A avaliación extraordinaria consistirá na realización dunha proba que constará dunha parte teórica e dunha parte práctica (cada unha cun peso dun 50% da nota total) sobre os contidos do módulo e na Elaboración e presentación de actividades similares as realizadas ao longo do curso na aula e traballos extra (para compensar as faltas de asistencia), que o alumnado presentará en tempo e forma (a criterio do profesor).

Proba Teórico-práctica (cada unha valorada con 5 puntos, un 50%):

Parte teórica: poderá incluír cuestións de diferente tipo: de elección, de resposta corta e/ou de desenvolvemento -máis ou menos amplo- de cuestións relacionadas cos contidos do módulo. A duración máxima desta parte será de 2 horas.

Parte práctica (50% da nota final da proba): Realización de actividades similares ás realizadas ao longo do curso na aula e/ou traballos extras, ou resolución de casos prácticos, que o alumno presentará en tempo en forma (a criterio do profesorado). De realizarse mediante proba escrita, a duración máxima desta parte será de 2 horas.

A duración global desta proba de avaliación extraordinaria terá un máximo de 4 horas.

Para alcanzar unha cualificación positiva na proba extraordinaria é preciso aprobar cada parte así como ter aprobadas todas as actividades presentadas e traballos extras, non existindo a posibilidade de facer media entre ambas probas, nin de gardar a parte aprobada se fose o caso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación, farase mensualmente en reunión do equipo docente do ciclo, quedando constancia do grado de cumprimento da mesma na propia aplicación informática (apartado de "seguimento de programación") ou documentalmente mediante un modelo de "seguimento da programación". No caso de modificacións na programación, xustificárase debidamente no devandito apartado da aplicación ou no modelo de "seguimento da programación".

Ao final de curso cada docente realizará a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido, na que se incluírán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso. Constancia de información ao alumnado: "O profesorado, nos primeiros días de clase explicará ó alumnado a programación de cada módulo que imparta. Para reforzar esta información fará un Extracto da programación que constará dunha copia das partes da programación correspondentes aos obxectivos, os mínimos



esixibles e os criterios e instrumentos de avaliación."

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Para a realización da avaliación inicial, o primeiro día do curso o alumnado cubrirá unha enquisa que ten como obxectivo coñecer as características e a formación previa de cada alumno e alumna así como as súas capacidades e orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente. A información recollida será analizada polo equipo educativo en xunta de avaliación, momento no que se tomarán as decisións oportunas sobre as medidas de reforzo educativo.

Ao comezo de cada unidade de traballo realizarase unha avaliación inicial, valorando os coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a impartir.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

- Estar abertos á preparación de diversas actividades sobre un mesmo contido variando o grao de dificultade e o tipo de procesos que se poñen en xogo.
- Favorecer a ubicación do alumnado no lugar máis axeitado ás súas características.
- Flexibilizar a colocación do mobiliario en caso de que poida ser de axuda.
- Promover a aprendizaxe cooperativa e a axuda entre iguais, facilitando a constitución de grupos heteroxéneos que perseguen un mesmo obxectivo desde a premisa de que para conseguilo é imprescindible a participación de todas as persoas do grupo.
- Propoñer actividades de traballos colaborativos en pequenos grupos ou en parella.

En calquera caso, as medidas deberán de ser individualizadas e polo tanto adaptadas ás necesidades concretas de cada caso, polo que despois da avaliación inicial ou en calquera momento do curso no que se detecte unha dificultade se porán en marcha os preceptivos mecanismos de reforzo, ou de ser o caso, solicitarase a axuda do equipo educativo e do departamento de orientación por se fose necesario dar un paso máis na concreción das medidas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A temática do módulo posibilita o debate co alumnado sobre os principais temas transversais, que estarán integrados en boa parte das actividades.

A educación para a saúde será destacada coma unha compoñente esencial dunha vida plena, máis alá da comprensión daquela como a falla de enfermidade, contemplandoa pois como a capacidade de funcionar e relacionarse cos seus semellantes dun xeito enriquecedor para sí mesmo e para a colectividade.

A educación para a paz traballarase en todas as actividades de cooperación, resolución pacífica de conflitos e co respecto das opinións alleas, características imprescindibles para a intervención social e, todavía máis importante, nun contexto progresivamente máis intercultural.

En relación coa educación para o consumo e educación ambiental, e preciso suliñar a consideración dos diversos niveis que relacionan o consumo co estilo de vida, tendo coma protagonista principal o respecto ó medio ambiente.

Tendo en conta as capacidades do alumnado neste ciclo superior, considerase necesario insistir nos aspectos actitudinais dos temas transversais,



o que, dadas diversas condicións permitiría un enfoque axeitado da súa actuación profesional, atendendo sempre á ética profesional.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Asociada a este módulo en concreto consideranse de interese as actividades seguintes:

- Actividades organizadas na cidade de carácter puntual que tivesen aplicación ao módulo.
- Charla impartida polo/a responsable dun programa de inserción sociolaboral de mozos en risco.
- Charla impartida polo/a responsable dun programa de intervención no medio escolar con mozos en conflito social.
- Visita a unha vivenda tutelada de mozos con medidas de protección por parte da administración.
- Visita a unha organización que traballe modelos de ocio alternativos para a mocidade.